

Instrución de 14 de xuño de 2021 relativa ao bloqueo do persoal da UDC incluído no programa Epsilon de xestión de recursos humanos

O Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, establece no seu artigo 5 os principios de integridade e confidencialidade, de tal modo que se garanta unha seguridade adecuada no manexo dos datos persoais, evitando o seu tratamento non autorizado. A este deber de confidencialidade tamén se refire o artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Para a aplicación destes principios en relación cos datos de recursos humanos da Universidade da Coruña, tratados co programa Epsilon, establécese o bloqueo dos datos persoais nas seguintes condicións:

- Serán obxecto de bloqueo os datos do persoal incluído no programa Epsilon, unha vez transcorridos cinco anos a contar desde a data da súa última vinculación coa UDC. Enténdese, a estes efectos, que o pase á situación de servizos especiais, a excedencia, ou a outras situacións análogas previstas na normativa reguladora do emprego público, non eliminan a vinculación coa UDC. O bloqueo producirase de forma automática unha vez transcorrido o prazo indicado.
- Serán obxecto de bloqueo todos os datos da persoa incluídos no programa Epsilon.
- No caso de que fose necesario acceder aos datos da persoa despois do seu bloqueo para determinadas finalidades (obtención de certificados de servizos prestados, solicitude de información por parte de autoridades, etc.), ou de que a persoa retomase a súa vinculación coa UDC, serán competentes para determinar os perfís do persoal autorizado para desbloquear / bloquear:
 - Secretaría Xeral.
 - Xerencia.
 - Vicerreitorado de Profesorado.
 - Vicerreitorado de Estudantes.
 - Vicerreitorado de Investigación.

Código Seguro De Verificación	aGm2IhPxWkxWwX6vnwUDvw==		Estado	Data e hora	
Asinado Por	Adxunta de Protección de Datos Secretaría Xeral - Luz María Puente Aba		Asinado	16/06/2021 09:47:30	
Observacións			Páxina	1/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aGm2IhPxWkxWwX6vnwUDvw==				

A Coruña, 14 de xuño de 2021

Luz María Puente Aba

Delegada de Protección de Datos da UDC

Adxunta á Secretaría Xeral

Código Seguro De Verificación	aGm2IhPxWkxWwX6vnwUDvw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunta de Protección de Datos Secretaría Xeral - Luz María Puente Aba		Asinado	16/06/2021 09:47:30
Observacións			Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/aGm2IhPxWkxWwX6vnwUDvw==			

